

PEZA DO MES

febreiro

2010



IMPOSICIÓN DA CASULA A SAN ILDEFONSO



O RELEVO ANTES DA RESTAURACIÓN

IMPOSICIÓN DA CASULA A SAN ILDEFONSO

Esta escena enmarcada por motivos platerescos, plasma o intre no que a Virxe, entre nubes, baixa do ceo para “vestir de gloria” a San Ildefonso coa casula, regalo divino. Tallada en altorrelevo, chega a adquirir nalgúns detalles o vulto redondo e mostra unha boa calidade no tratamento dos rostros e notable mestría na resolución dos pregamentos das teas. A composición, moi narrativa, presenta a Virxe sobre nubes no ángulo superior, estendendo a casula sobre a imaxe piadosa do santo, vestido con alba cinguida co cingulo, estola, luvas, anel e coa mitra episcopal aos pés. Dous anxos completan a escena; un deles porta unha candeia e o outro axuda á Virxe coa casula. Datable na primeira metade do século XVI e cunhas dimensións de 81 x 51,5 cm, está realizada en madeira e policromada coa técnica do estufado, predominando os dourados.

O seu estado de conservación non era moi bo, pois tiña ataques de xilófagos, reconstrucións modernas das zonas que se perderan, a pintura presentaba craquelados, lagoas e repintes e o soporte estaba debilitado, o que motivou que fose incluída nun proxecto grazas ao

que, por resolución do Ministerio de Cultura, se realizou a restauración de 17 esculturas e unha pintura sobre táboa no Museo Arqueolóxico en 2007 levada a cabo pola empresa *Kermes, Conservación y Restauración de Bienes Culturales, S.L.*, baixo a dirección facultativa e coordinación de dona Laura Ceballos Enríquez (Instituto de Patrimonio Histórico Artístico Español. Departamento de Escultura). Tras un exhaustivo estudo que incluía radiografías e análises químicas procedeu-se á eliminación dos engadidos lateral e superior, de época posterior e estilo diferentes ao relevo e ao tratamento de desinsectación, limpeza e consolidación do dourado e estufado orixinais. O tratamento incluíu a elaboración dun sistema de almacenaxe adecuado, posto que o principal problema da peza era a fragilidade do seu soporte.

Procede da igrexa de San Pedro Fiz de Pazos en Verín e ingresou no Museo en 1954 co número 3.467, segundo consta no libro de Rexistro, da man de don Xesús Ferro Couselo, por compra a don Venerando Lamas (anticuario, Casa Ros) xunto cun sagrario gótico e as tallas barrocas dun Santiago peregrino e un San Bieito orixinais da mesma igrexa.

Por ser San Ildefonso un dos máis importantes doutores da Igrexa e un dos santos de maior devoción en España a súa iconografía é moi abundante. Respecto á indumentaria, pode aparecer vestido de monxe, pero moito máis habitual é velo representado coa vestimenta que fai referencia á súa condición episcopal, con mitra e báculo. Outros atributos son o libro, alusión aos seus numerosos escritos e especialmente ao tratado *De perpetua uirginitate*, simbolizando as herexías que combateu coa súa doutrina; tamén pode portar na man un anaco de veo ou un puñal recordando outro famoso episodio da súa vida, relatado polo seu biógrafo Cixila: a Aparición de Santa Leocadia. Este milagre relata como o bispo recibe a visita da santa para agradecerlle a defensa que fai da Virxe e este, coa daga do rei Recesvinto, lle corta o veo, antes de que esta volva ao sepulcro, para gardalo como reliquia.

O outro gran milagre na vida do prelado é o que nos ocupa, referente á Descensión da Virxe e a imposición da casula, que, independentemente da súa historicidade, tanta repercusión tivo, pois é a escena máis abundante na iconografía do santo e poden ascender a miles as representacións deste suceso na arte, frecuente na pintura e na escultura, sobre todo nos séculos XVI e XVII (con dous motivos: conservar a primacía da cidade toledana e defender a doutrina contra a Reforma dos herexes luteranos que pretendían minimizar a figura da Virxe), e tamén noutras manifestacións artísticas como ourivería, cerámica, gravado ou roupa e libros litúrxicos. Ningún artista de categoría deixou de realizar esta escena: Velázquez, Murillo, Valdés Leal, Zurbarán, Pereda, El Greco, Gregorio Fernández, Berruguete, Bigarny, Lucas Jordán, Carmona, etc. e atópase por toda a xeografía española, mencionando como exemplos galegos os relevos do cadeirado do coro da Catedral de Lugo e do retablo maior da igrexa de



DETALLE DA VIRXE

Beade, obras saídas da gubia de Moure. Así mesmo a vida do bispo é tratada amplamente na literatura española dende Gonzalo de Berceo ou Afonso X “O Sabio” –nas Cantigas de Santa María que destacan o regalo da casula como agradecemento divino– ata Calderón, Góngora ou Lope de Vega quen o nomeou o “Capelán da Virxe”.

No ano 2007, a exposición “*Hispania Gothorum. San Ildefonso y el reino visigodo de Toledo*” reuniu 700 pezas dando a coñecer a importancia do contexto histórico e cultural no que viviu o santo, con motivo do XIV Centenario do seu nacemento.

Soamente dous bispos do brillante século VII hispano (un hispanorromano, o outro visigodo) son considerados non só grandes figuras eclesiásticas senón tamén e polos seus milagres, santos: Isidoro de Sevilla e o seu discípulo Ildefonso de Toledo.

A cidade de Toledo ten un protagonismo especial dende que a mediados do século VI é elixida *civitas regia* por Atanaxildo, constituíndo o primeiro Estado de Occidente tras a caída do Imperio Romano. A capitalidade do reino visigodo motiva a celebración de numerosos Concilios nacionais, algúns de transcendental importancia como o III no que se converte ao catolicismo Recaredo, que terá

como consecuencia a unidade relixiosa e favorecerá a integración de hispanorromanos e visigodos.

Ildefonso naceu no 607 no seo dunha poderosa familia visigoda asentada e con propiedades en Toledo. Os bens que recibiu dos seus pais empregounos en promover a vida cenobítica feminina, construíndo un cenobio para virxes nunha vila próxima ao mosteiro de Agalido que foi Abade e como tal participou nos Concilios VIII (653) e IX (657) así coma no X no que se fixa a celebración da festa da Anunciación para o 18 de decembro. Exerceu unha influencia extraordinaria nos sucesos políticos e relixiosos do seu tempo, pois a condición de nobre visigodo e os seus vínculos familiares coa xerarquía eclesiástica toledana (era sobriño de San Uxío, arcebispo ao que sucedeu no cargo), permitiron a Ildefonso estar en contacto coas máis altas instancias da Igrexa e, por conseguinte co poder político, xa que os reis visigodos empregaban os Concilios como un elemento esencial da súa política, ao referendar con eles moitas das decisións que tomaban, incluída a elección do propio rei. Un decreto de Recesvinto traslada ao Abade á Sé metropolitana converténdoo en arcebispo de Toledo, cargo que ocupará ata a súa morte o 23 de xaneiro do 667.

A complexa situación política dos derradeiros anos de Recesvinto e o endurecemento por parte do rei das relacións coa igrexa, contribuíron a que Ildefonso se refuxiara na súa produción literaria, moi abundante e con fins claramente doutriniais como o seu tratado *De cognitione baptismi*, libro catequético sobre a conversión do arrianismo ao cristianismo e sobre todo o *Liber de uirginitate perpetua beatae sanctae Mariae*, pilar fundamental da súa obra intelectual xa que este tratado contribuíu a crear o armazón teórico dun dos dogmas principais da Igrexa católica: a virxindade de María, sendo un escrito copiadísimo pois é un dos libros que máis veces se atopa nos documentos de doazóns e fundacións medievais.

A biografía de Cixila sentou as bases do culto a San Ildefonso, e no século XIII outro feito lle dará novo auxe: o achado do seu corpo en Zamora.


O seu perfil pastoral foi trazado por San Xulián quen o describe como ilustre e digno de tanta loanza como numerosas foron as súas virtudes. Home piadoso, honesto, paciente e sobre todo célebre polo prestixio da súa elocuencia e sabedoría, Ildefonso gozou sempre dunha veneración e estima profundas, que o levou a ser nomeado patrón de Toledo e convertelo nunha das figuras de maior relevancia da patrística hispánica.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web:**
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9,30 a 14,30h
16,00 a 21,00h
domingo: 9,30 a 14,30h
luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9,30h ás 14,30h e das 16,00h ás 20,30h

PEZA DO MES:

Museo Arqueolóxico

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



XACOBEO 2010
Galicia